

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, SÁBADO, 2 DE MAIO DE 2026**PRESIDENCIA****DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL****FERROL**

16,15 h.- A delegada territorial de Ferrol, Martina Aneiros, asistirá ao partido correspondente a 35ª Xornada da Liga de 1ª Federación, entre o Racing Club de Ferrol e o Pontevedra C.F.

20,30 h.- A delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, asistirá ao partido correspondente á xornada 28 da Primeira División de Fútbol Sala entre O Parrulo Ferrol F.S. e o Noia Portus Apostoli.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**FRADES (A Coruña)**

11,00 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, visitará o muíño de Ponte Carballa que foi rehabilitado cunha axuda da Xunta para actuacións en Rede Natura 2000.

SOBRADO (A Coruña)

12,15 h.- A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, visitará o centro ictioxénico.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE**BOS AIRES (A Arxentina)****Convocatoria en hora local, 18,00 h. en Galicia**

13,00 h.- A conselleira de Política Social e Igualdade, **Fabiola García**, manterá un encontro coa colectividade galega.

MALPICA DE BERGANTIÑOS (A Coruña)

13,00 h.- O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, Roberto Barba, participará na *IV Xuntanza de Maiores* do concello.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

BOQUEIXÓN (A Coruña)

13,00 h.- O xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, asistirá ao *XXXIII Encontro de Maiores* do concello.

PONTECESO (A Coruña)

14,00 h.- O director xeral de Inclusión Social, Arturo Parrado, asistirá á *I Festa do Maior* do concello.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**SANXENXO (Pontevedra)**

13,00 h.- A conselleira de Economía e Industria, **María Jesús Lorenzana**, asistirá á *Festa da Raia*.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE**SANTIAGO DE COMPOSTELA**

12,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participará na inauguración da *Feira do Libro*.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**RIBADAVIA (Ourense)**

11,30 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, e o conselleiro de Facenda e Administración Pública, **Miguel Corgos**, acompañados polo director xeral de Comercio e Consumo, Gabriel Alén, visitarán a *Feira Galega de Artesáns*, organizada pola Asociación Galega de Artesáns (AGA) e apoiada pola Xunta.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**FOZ (Lugo)**

11,00 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, visitará actuacións realizadas ao abeiro do *Plan Camiña Rural 2025-2026*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA